

Núm. 19

25-7-25

# nós.



BOLETIN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO  
Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO  
Alfonso R. Castelao

DIRECIÓN E REDAUCIÓN  
Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:  
Real, 36 1.<sup>o</sup> - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 ..
Número solto na Península	1 ..
Na Arxentina	60 centavos
En Cuba	30 ..

*Pagos adiantado*

Iste boletín non publica mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pola Dirección. Tampouco se fai solidario das ideias n-eles emitidos, a non ser dos que, por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

- A Edade do Ferro en Galiza*, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.  
*A lenda de San Amaro o Pelengrino*, por EUXENIO CARRÉ ALDAO.  
*Quod nihil scitur*, (continuación), tradución de XAN AZNAR PONTE.  
*Archivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza*.  
*Temas compostelanos* por RAMÓN OTERO PEDRAYO.  
*Os homes, os feitos, as verbas*; pola REDAUCIÓN.

LEA VOSTEDE *A NOSA TERRA* IDEARIUM DAS IRMANDADES

*Ademinstación Real, 36 — (A Cruña)*

NÓS

# **IMPRENTA LAR**

**Rúa Real, 36 1.<sup>o</sup> :: A CRUÑA**

## **Viajes Marsans**

Encárgase da organización de toda sorte de viaxes, sexan comerciales, de turismo, recreo, etcétera.

### **INFORMES GRATUITOS**

Sucursales en VIGO, Urzáiz, 2-Oficinas de la Agencia Escalera

# **Disponíbre**

NÓS

# Motores & máquinas CELTA

Marca  
Rexistrada

Suministros industriaes — INSTALACIÓS

Gasolina, Petróleo, Aceites pesados SHELL


Cubertas - Cámaras - Macizos BERGOUGNAN - MICHELIN

## JOSE RAMON PEREZ CID

Progreso, 54 e 90 — OURENSE

Fabricación  
especial de  
toda sorte  
de Cristais

Ópticos



(MARCA REGISTRADA)

Ejecución  
esmerada  
das recetas  
dos señores  
Médicos  
Oculistas

Praza Maior, 18 — OURENSE

## STUDEBAKER

**Os mellores autos.** Tres tipos de motores e quince de carrocerías. Somentes o **Studebaker** ten a capota **DUPLEX**, que consinte trocar en cinco minutos un coche aberto en pechado

REPRESENTANTE PRA OURENSE E PONTEVEDRA

Manuel Rasilla Salgado :- Vilagarcía d'Arosa



## BOLETÍN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VI

Ourense 25 de Julio 1925

Núm. 19



*O Dia de Galiza do ano 1923 pubricouse o número 18 de NÓS que moitos habían pensar despois, se cadra, que fora o derradeiro. Dous anos xustos, a contraria sorte tivo parada a nosa obra, que tan pacenzudo esforzo e tan duro sacrificio nos custara, sen que n-íles deixáramos por un istante esmorecel-a arela do seu rexurdimento. A nosa fé volvے obral-o milagre, e NÓS volta outra vez a vida, fóxe, Día de Galiza de 1925.*

*Non precisamos unha nova declaración de principios, porqu'a mesma concencia da sustantividade espiritual de Galiza — "categoría eterna" qu'os feitos endejamais poderán desfaguer, porqu'ela ten unha realidade trascendente, criadora dos feitos, pra sempre vívida e inmorrente — esta mesma concencia de xurdia certidume qu'outrora nos trouguera á luz, é a qu'agora nos sirve de guieiro.*

*Todos saben ben, asimade, o qu'o reaparecimento de NÓS quer dicir: a Renacencia galega, de cote ergueita y-en camiño pro conquerimento do futuro.*

*Por iso volve NÓS no Día de Galiza, n-iste Día de recollido pensar e de religiosa lembranza. Poida noso traballo de positiva construcción enxebre, espilar ós adormentados, quentar ós tépedos, sostener ós dubidosos, recadal-o esforzo de todos pra Grande Obra común do erguemento da "nosa" cultura.*

*E co-esta fé fortemente aniñada no peito, repetimos como en 1920: "Pra ledicia de todos e pra enseño de moitos, sai fóxe NÓS."*



# A EDADE DO FERRO NA GALIZA

TRABALLO LIDO NO SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA O DIA 18 D'ABRIL DE 1924

## INTRODUCCIÓN

**D**ous feitos da súa importancia na formación da individualidade galega acontecen nos cinco séculos que colle a nosa Edade do Ferro, a invasión da Galiza polos Celtas, y o desenrollo no noso chan d'unha cultura engébre. Com os nosos coñecimentos non permiten pol-o d'agora, un estudo completo e ó miradó d'este período limitareímos este traballo, a apañar sinxelamente os

elementos de juizo qu'a lingüística, os textos, a epigrafía y a arqueología sobre todo, nos empresan para presentar relacionando entre si, un feixe de datos que ainda que non sexan de abondo pra intentar unha verdadeira reconstitución histórica sirvan pol-o menos pra pór de manifesto canta forza de conservación e de creación con que a nosa patria afirmou por primeira vez a sua rexia persoalidade.

1

## A TEORIA DE SCHULTEN E A SUA COMPROBANZA ARQUEOLÓGICA

As primeiras fontes literarias que d'unha maneira certa aluden ás terras do Oueste europeo, pericen ós séculos VII e VI enantes de Jesucristo, pero compre chegar ós autores gregos das centurias - V e - IV para distinguir, nomear y atopar en ocasiós localizar os tres pobos qu'ocupaban aquela rexión. Son istos povos, o ligur, o ibero e o céltico.

Cál ou cálés d'eles foron os que viviron no noso país? Verea Aguilar (1), Villamil (2), Saralegui (3) e Murguía (4) non dubidaron na resposta, e rexamente sostiveron a orixen céltica dos galegos; mailas suas afirmacións, apañadas moitas d'elas nas vellas creencias da escola de Cambry cairon no esquecemento ó

esborrallarse o mal cimentado edificio erguido polos arqueólogos da primeira fase céltica, e ás tribus da antiga Galicia perdida a sua persoalidade étnica, pasaron a ser un elemento mais de discusión no cadro confuso e contraditorio da protohistoria hispánica. Pero, ó revisarse con crítica verdadeira, as fontes literarias e lingüísticas a elas relativas, as opniós dos nosos devanceiros, inda que fondalemente reitificadas no seu aspeuto cronológico, volveron gozar d'intéiro creto y o céltismo galego definiuse e concretouse d'un gello afirmativo e forte.

O autor d'esta revisión, por certo bien necesario, foi un hispanófilo alemán, o Profesor Adolfo Schulten (1) da Universidade d'Erlangen.

(1) *Historia de Galicia*.  
(2) *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia*, Lugo, 1878.  
(3) *Estudios sobre la época céltica en Galicia*, 1867.  
(4) *Historia de Galicia*.

(1) *Vox. Real - encyclopédie der Klassischen Altertumswissenschaft*, art. *Hispania e Numantia I. Die Ergebnisse der Ausgrabungen*, (Munich 1914).

gen, e d'ela resultou asegún verbas dos señores Bosch Gimpera e Arligas Ferrando, consignadas no prólogo da edición castelá da *Hispania*: «un más exacto conocimiento de la geografía antigua y de los pueblos que ocuparon nuestra Península, ordenando y haciendo infelegibles muchas noticias que antes aparecían confusas, sirviendo más para confundir que para aclarar el cuadro de los hechos de nuestras tribus pre-romanas».

Com'a totalidade da teoria schultiana non interesa a Galtza, daremos soillo agora en liñas gerás, unha ideia dos puntos de vista mais saíentes do sabio alemán.

Asegún il, o povo primitivo da Península é o Ligur, e non o Ibero, coma denantes coñabase, y-esta afirmación apóyaa nun pasaxe de Hesiodo que no século - VII, chama o *Ligues* (ligur) a todo o Oucidente europeu; en Eratóstenes, que sin dúbida recollendo unha noticia serodia, nomea á Hispania *Ligustiche*, y-en Avleno, que fala na Bética d'un *Ligustinos lacus*, e pon na Galiza y-en Portugal os *Cestrimnios*, de nome idéntico ós Ligures da Bretaña. Cita tamén diversas toponimias carauterizadas polos sufíxos *asca*, *osco* e *ur* coma ligurianas, y-arremata dicindo qu'os Vascos son os de-tradeiros representantes d'esta vella pazón.

Pra Schulten, os Iberos viñeron á Península despois dos Ligures, créeos de procedencia africana, e raza bereber, e supón qu'a sua entrada debeu verificarxe en temp.s moi re-cuados, sendo a Andalucía o lugar ond pirmeltramente asentaron. Dend'ela, esten-ronse por Murcia e Valencia, ond'os geóg gregos atopan ja ós Bastetanos y-Edet. Esta terminación *tan*os y-os sufíxos e *-ur*, *tala*, *olb* e *il* sirven a Schulten pra guil'-os nomes d'estirpe Ibérica e pr'af sua procedencia africana, por idenid semellanza con outros no mes da antic-

Período do ano - 600 estaba pol-o teatro da Península por Ligures e Iberos dos os primeiros no N. W. e C., no S. e no E., e n-esta data, é c. d'Erlangen fai entrar en esca que entra na Hespaña case seguidamente o povo novo que se apodera da Meseta, e chegando despois que no século Océano, obriga os Ligures a emigración d'este regiós do N. SW. A lembranza litoral atlántico-a-sud

atópase na fonte vella d'Avieno, que menciona ós *Saezes*, *Cempsi* e *Berybrates* com'habilidades do centro y-ouidente da Península e qu'aínda que non aparecen filiados como Celtas, debén serlo, já que nos libros posteriores de Herodoto, Éforo, Aristóteles e Timaios, as partes da Península por iles ocupadas, designanse costantemente co nome de *Keltike*.

Pero no intré, os Iberos fórone estendendo por Cataluña, e dende ali pasaron ó Mediodía de Francia onde permaneceron decós finis do século - IV. N-esta data, os Galos comenzañ a exercer presión sobre d'elles, fanos recuar car'os Pirineus, por cuios desfiledeiros vense obrigados a voltar á Hespaña. Já na Mésela, os Iberos guerrean cos Celos, vencenos y-os que non son absorvidos amado povo Celíbero, precisán'refluxo zaeno S. de Portugal, ond'o lati baixo o nome de Cel das serras nas fragas nos restos.

Apre  
célige  
en  
étri  
T  
r  
é  
é  
as  
de la Tene, y-o  
tartésicas d'Anda-  
nas cerámicas dos po-  
Olaya e do Castro, terminan  
liza no seculo III, asolagados pol-a  
perica que se representa arqueológi-  
en Numancia, e cecais tamén nas es-  
de São Julião e Guifões.

terceiro grupo mais isolado é causa da situación geográfica excéntrica libre d'influencias estranas, e non tocado pol-a invasión ibérica, sigue desenvolvendo a sua especial modalidade deic'o final das guerras cántabras. Mais duradeira qu'as suas irmás de Portugal e de Castela, a cultura galega dos Castros aparece tamén mais individualizada. As suas armas, os seus brazaleles, os seus forques, os seus gritos costrutivos, relevan que Galiza y-a sua continuación nas terras d'alén Miño, tivo na Edade do Ferro unha persoalidá ben marcada e barudamente sostida que s'acusa craramente ó esaminar a totalidade dos nosos elementos de juizo.

### *Continuaráse*

Prioridade dos Celtas sobre dos Iberos como povoadores da Meseta castelá.

A comprobación d'este derradeiro punto non podía ser difícil. Povos tan distintos, de orixe e procedencia tan diversa, debían crear necesariamente civilizaciós pouco semellantes, y-estas civilizaciós, ó moverse as razas qu'as produxeran n'unha área geográfica reducida y en tempo relativamente curto, tiñan que representarse nos feitos arqueolóxicos con crariedade d'abondo pra poder seguiras nas suas emigracións, acompañalas nas suas conquistas y-estudalas nas suas superposiciós e nos seus arraigamentos.

Pero coma queira qu'a arqueología peninsular d'este período está fondamente avencellada co-a do centro e do Oeste da Europa, terí-denantes d'entrar no esamen das suas particularidades que trazar sintéticamente un cadro da Edade do Ferro n-estas regiós, particularmente necesaria pr'a millor inteligencia da protohistória galega que d'eles ben recibir unha raza e unha cultura.

A chaira igualdade da Edade do Bronce europeo crébase de pronto no alborexar permiteñear milenario denante de Jesucristo. preto e ó norte da metalurgia do ferro parece n-este traballo. novos escuros que durante seu sono no C. e no N. do mundo. novos que trae consigo as súas formas de creación artes. civili-

#### A TEORIA DE SCHULTE

As primeiras fontes literarias que na rudeza maneira certa aluden ás terras do Oeste europeo, pertencen ós séculos VII e VI en semeantes de Jesucristo, pero compre chegar ós autores gregos das centurias - V e - IV para distinguir, nomear y-ata en ocasións localizar os tres povos qu'ocupaban aquela región. Son istos povos, o ligur, o ibero e o celta.

Cál ou cálés d'eles foron os que viviron no noso país? Verea Aguilar (1), Villamil (2), Saralegui (3) e Murguía (4) non dubidaron na resposta, e rexamente sostiveron a orígen céltiga dos galegos; malia-sas suas afirmacións, apañadas moitas d'elas nas vellas creencias da escola de Cambry cairon no esquecemento ó

e trasformar os tipos que, procedentes da superior cultura itálica, lle chegaban polos antigos vieiros comercios do ámbare. Y-estas duas civilizaciós foron estudiadas polos arqueólogos que non soilo conseguiron penetrar o senso das suas evolucións tipológicas, sinón tamén, e por medio dos sincronismos emprestados ós textos e ós achados d'oujetos gregos d'epoca histórica polderon subdividilas y-encaixalas n-un marco cronológico.

Averiguouse así qu'estas civilizaciós célticas, que tomaron de duas estadios a: elas pertenecentes, os nomes de *Hallstatt* e *La Tene*, collían un espazo de tempo comprendido antr'a centuria IX enantes de Jesucristo, y-los primeiros anos da nosa era, e tendo en conta as variantes do seu utilaje, chegouse a repartirlas y-a datalas do seguinte (1):

Hallstatt I,	de - 900	a - 700
Hallstatt II,	de - 700	a - 500
La Tene I,	de - 500	a - 300
La Tene II,	de - 300	a - 100
La Tene III,	de - 100 ó comienzo do reinado de Tiberio.	

No primeiro período de Hallstatt, qu'asegún Dechelette ten seu orígen nos países véneto ilíricos, os Celtas non fan mais que reproducir en ferro os derradeiros tipos d'armas da edade anterior. As longas espadas caraterísticas d'esta época, son fabricadas sucesivamente en bronce y-en ferro; as fibulas son escasas y as poucas que s'atopa son das chamadas de dobre espira e de navicella, habendo en troques d'abondo listas de bronce e navallas de barba de corte semicircular, ornadas con buracos. Na Francia as sepulturas están de cote baixo un túmulo de terra ou pedra usándose indistintamente a inhumación y-a incineración.

ó n. A segunda fase hallstattiana, é mais interestante pra nós, coma logo veremos, distinguese niños d'outra renovación geral das formas. As espoletas reincidente, adornando o seu puño con volveron engadidos postas ó gelo das antenas galego definitivos; as follas d'estas espadas son mativo e forte, reservando algunas veces o

O autor d'este empunhaduras; xurdien novos cesaria, foi un his que se coñecen cos nomes de Adolfo Schulten (1)iforme, de botón e de ballesta;

(1) *Historia de Galicia*.

(2) *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia*, Lugo, 1873.

(3) *Estudios sobre la época céltica en Galicia*, 1867.

(4) *Historia de Galicia*.

(1) *Vox. Real - enc. wissenschaftl. art. Historique d'Archéologie Préhistorique, Céltide Ausgrabungen*, (Münz, 1., II, págs. 622 e segs. (Paris, 1914).

aparece no oujetos d'adorno; cinturós, brazaletes y-algun torques; a cerámica toma pr'a sua decoración, motivos emprestados á arte helénica: meandros, grecas, que simultanea cos motivos indígenas: espiras, eses e circos sinxelos ou concéntricos; coma no período anterior, o modo d'enterramento mais geral é baixo túmulo, empregándos os ritos d'inhumación e incineración; a gente vive dispersa en aldeas y-ergue pr'a sua defensa campos murados semellantes ós nosos castros.

As tresfases de La Tene, que leñen o seu centro de difusión nas Gallas, e que non infiuiron na arqueología peninsular mais que d'un gelo secundario, caracterizanse pol-a volta ás espadas longas, que s'enmangan por méio d'un espigo n-un puño de corno ou de madeira; pol-a unión do apéndice co arco nas fibulas, chegando a desaparecer aquil no derradeiro período; por un gran desenvolvo das artes da joiería, que produz torques ben repujados, brazaletes d'ouro e de prata y-oujetos diversos esmaltados ás veces con rara perfección; nos modos d'enterramento, o túmulo é sustituido pol-a tumba plana, e no grado final, os campos de refuxo comenzañ a se convertiren en cidades emprincipiando unha vida urbán que non abrangue un desenvolvemento autónomo por mor da incorporación dos países céltigos ó Imperio Romano.

O Hallstatt I non está apenas representado na Hespaña. Soilo doulos grupos de necrópolis situadas na costa da Cataluña e na provincia d'Almería, y-entre cuño mobiliario apareceron oujetos de ferro falanos de posibres infiltracions de Francia ou d'Italia. Pero estas influencias non pasan da rexión levantina, y-o centro y-ouidente permanecen alleos a elas. Mais de súpelo, estas partes da península vense invadidas por formas pertencentes a segunda fase Hallstattiana. Espadas curtas con antenas de bronce, típicas da centuria - VI, época do grado final d'iste período, aparecen en Castela y-en Galiza, amostrando co-a sua aparición a entrada na escea d'un povo novo que trai co-ll istos elementos culturais forasteiros na Hespaña, pero propios e peculiares dos países ocupados pol-os Celtas. A coincidencia da arqueología cos textos que no século - VI, - V e - IV asinaban unha povoación d'esta raza á Meseta y-ó os países do litoral atlánti-

co, é polo tanto absoluta e indubidavele. E tal coincidencia ainda se confirma mais o ver coma dend'este momento, Celtas e Iberos nos seus respeitivos territorios, desenvolvan duas civilizacions inteiramente distintas. Nos países ibéricos e tartesios do Sul e do Levante, fundamentalmente infruidos pol-as colonias púnicas e gregas, xurde unha cultura qu'aparte as suas diferencias locais, precisasaz nas cerámicas pintadas, nas falcetas, nas figurinas votivas, e ten a sua suprema expresión artística no busto d'Elche e na estatua da sacerdotisa do Cerro dos Santos.

Paralelamente, os Celtas prainstauraz, afastados dos seus irmáns de Francia, que por aquill entón forxaban a civilización de la Tene, crean unha cultura que por seguir apagada ós primitivos tipos hallstattianos, recib'o nome de post-hallstattica, e que se desenvolve en tres grupos autónomos: o grupo castelá, o grupo S dos Castros, no centro de Portugal e probablemente en parte de Salamanca y-Extremadura, y-o grupo N dos Castros nas provincias septentrionais portuguesas y-en Galiza, con derivacions en Asturias, León e Zamora.

Os doulos primeiros ben caracterizados, o de Castela pol-a afroia progresiva das antenas das espadas e pol-os intruxos de la Tene, y-o portugués pol-as infiltracions tartesicas d'Andalucía, patentes nas vastas cerámicas dos povoados de Santa Olalla e do Castro, terminan a sua existencia no século III, asolagados pol-a invasión ibérica que se representa arqueolóxicamente en Numancia, e cecais tamén nas estaciós de São Julião e Guifões.

O terceiro grupo mais isolado a causa da sua situación geográfica excéntrica libre d'influencias estranas, e non tocado pol-a invasión ibérica, sigue desenvolvendo a sua especial modalidade de lo final das guerras cántabras. Mais duradeira qu'as suas irmáns de Portugal e de Castela, a cultura galega dos Castros aparece tamén mais individualizada. As suas armas, os seus brazaletes, os seus torques, os seus gallos costrutivos, relevan que Galiza y-a sua continuación nas terras d'alén Miño, vivo na Edade do Ferro unha persoalidade ben marcada e barudamente sostida que s'acusa craramente ó esaminar a totalidade dos nosos elementos de juizo.

*Continuaráse*



# A LÊNDA DE SAN AMARO O PELENGRINO

TRABALLO PREMIADO NA FESTA DA LINGUA GALEGA DE SANTIAGO DO ANO 1924.

PROPIEDAD DO SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS

## PROEMIO

**E**NTRAMEDIOS das múltiples relacions maravillosas que enchen e adornan as haxiografias, que nos deixou en herdo a Edade Meia, figuram moitas procedentes das ficcions célticas cristianizadas e que, á través do tempo, conservou a tradición oral entre os galegos.

Unha de elas, é a moi popularizada de *O Monxe e o Paxariño*, tan cheo de piedade como de encanto, e que pol-a sua formosa e sinxela forma a recolleu o noso gran poeta lirico Alfonso o Sabio, na suas celebradas *Cantigas*, senda número 103 e titulándose *Como Sancta María feze estaro monge trecentos anos ao canto da pasarijna porque lle pedía que lle mostrase qual era o ben que ansian os que eran en Paraíso*.

Os historiadores e eruditos buscan o orixen d'estas, como o de outras tantas *tradicions*, asignándolle variadas fontes, ora cristianas e europeas, ora paganas e orientais cristianizadas, remontándose algunos hasta a antiguedade

grega, o que non é de admirar, pois n-esta leenda predomina o ideal dos goces d'unha vida eterna, sin límites nin concencia do tempo cal non poden seren os goces materiales da terra.

Na humanidade é inmanente o desejo da realización ultraterrenal d'unha dita sin fin que se non pode atopar no mundo que habitamos e que para os cristians ferventes somente lle é dado buscar, como na sua poesia *De la gloria del Cielo*, escrita no ano 1590 nos dí, Damián Vegas, na

*paz perfecta y cumplida  
con gozo tan sin rival  
que es Dios la medida del  
aunque es El tan sin medida.*

Mais non tan só nas creencias da antiga Grecia e nas do cristianismo vense refrexados tales anhelos. No paraíso dos céltas é na illa do occidente está a terra da eterna xuventude na que se ofrez ao home cantas ditas poída ambicionar.

A *Cántiga do Rey* poeta é a primeira relación que d'aquela leenda aparez escribida na nosa mélida fala e inda cando D. Alfonso non sinala o lugar da acción, é indudable que se deben inspirar, non en outra tradición estranxeira ou allea, como creen Iodol-los que teñen o prurito de esculcar para todo o noso un orixen elisotico, cal se foramos negados para toda creación, se non na que se refire ao sonado mosteiro de Armenteira ou á que se contrae ao convento de Rivas do Sil.

Mais non é o noso obxeto nos ocupar n-estas leendas, nas que tantos outros levan xa espigado, se non o facer notar os puntos de contacto que teñen con outra tradición dos nosos campos e que se refire a *San Amaro Pelengrino*.

Damos, pols, á continuación a leenda tal cal a ouímos de labios aldeans, na feigresía de Figueiroa (Abegondo) onde se celebra unha romaría para festexar o Santo fan abegoso.

Denantes de relatala faremos a indicación de que en toda a Galicia, ben baixo a denominación de *Amaro* ou ben a de *Mauro*, pols de dous santos diferentes fixose un só, confundindo o santo galego co santo alleo, atopase feigresías, lugares, capelas, etc. etc., co nome de San Amaro.

E romatamos este xa longo proemio dicindo qué nas leendas encóntrase o compremento da historia e inda mais millor o seu comentario por sere grande a valoría que así alcanza a crítica histórica pol-o impulso que lle presla a evocación poética.

## A LÊNDA

### Vida do Santo

Foi Amaro, un nobilísimo varón, ao parecer galego de nacemento, que á morte dos seus pais, fopouse herdeiro de unha gran facenda.

Home piadoso e entieramente cheo de fé, mais ben que en esplación de culpas pasadas, pois a sua alma «era branca como unha pomba», polosseus ímpetus relixiosos desprendeu-se de todal-as suas riquezas en favor dos pobres e dos homildes, e fundou hospitales e asilos para os menesterosos, facendo ao mesmo tempo levantar mosteiros nos que se pedra á Deus o perdón dos pecados dos homes.

De toda a sua pasada grandeza, reservouse tan só aquela suma precisa para o desenrollo do pensamento que agarimoso acuciaba e que era o único ideal da sua vida cristián.

Mandou construir forte e lixeira nave, na que, o millor e mais xeitoso lugar estaba destinado á render culto á Deus, reservándose as incomodidades para os homes, como predispuestos ao sacrificio pol-o amor á Xesucristo, e él e a sua tripulación, despois de ben probisto o buque, lanzáronse, levando toda a sua confianza posta no Alto, en aventura e longa expedición polos mares, sin más guía que

a esperanza e a fé, no percorro do lugar do Paraíso onde moran as almas dos patriarcas profetas.

### O viaxe

Entregados por enteiro á mercede da misericordia divina, nin os ventos mais desatados nin as mais desfeitas e violentas tempestades, fixeron minguar o ánimo dos viaxeiros e sin se abater endexamais o seu espírito nin perdel-a confianza posta en Deus, siguiron entre duras e continuas penitencias e mortificacions a sua pelerinación, durante días e dias, meses e meses, anos e anos, pregando á cotío ao Señor lles permitira realizar os seus deseños: mais a terra tan cobizada non se deixaba ver por ningures, toldada polos sombras do misterio.

### Chegada ao porto

Compadecéndose Deus de tanta constancia e tan gran fé, permitiu que a nave de Amaro topase c'un seguro e apacible porto nunha costa descoñecida e solitaria.

Unha voz interior, a voz que caladamente fala no peito dos escollidos, dixolle á Amaro que aquel tan alongado paraxe era o fan salayado que buscaba e que dera ao fin co él, tras tantas e tantas zozobras e perigos continuos.

Deixou, pois, o santo no porto a sua embarcación, á que lle puxera o seu nome, non por vanidade senón por misterioso impulso, ao que non se poldera liberar e ordeando aos seus compañeiros que alí o agardaran, largouse valentemente car'a terra adentro, non levando outro apoyo e defensa que un báculo de forte pau de toxo e sin outra provisión algúna, cheo de confianza n'Aquel que proveendo de alimento aos paxaritos, non había de deixar morrer de fame ao seu devoto servo.

### En precuro do Paraíso

Inda ben non dera comienzo á sua camiñata xurdíu ante dos seus ollos, agría e imponente serra, cal se o chan lanzara á conquista do ceo, serra que dende a bordo non tiña visto.

Por mais que lle parecia tela preto, canto mais camiño facía, dia tras dia, e noite tras noite sin case descansar e alimentándose das raíces que lopaba, xamais podía chegar á aquela, somellante aos deseios que magóan aos humans que por cerquiña que se crea telos, sua realización, tarde ou nunca se chega á ver realidade.

### Monte arriba

Por fin chegou á tripare as faldas da serra Esmagado do corpo, cansos e desfeitos os pés, mais c' o ánimo enteiro aprestouse á fatigosa subida de aquellas enfestas que somellaban se perder no Ceo.

Moltismas foron as dificultades que lle saíron ao paso; mais logrouna vencer todas e asentou as suas plantas trunfadoras no cume mais outo.

Dende ali ollou á verlende oposta e vislumbrou un val ridente no meio do que erguise un muro branquísimo que no seu centro deixaba ver unha outísima porta de ouro, ornamentada de pedras preciosas nas que, en múltiples e vivísimos refexos, que ferian a vista, desfacía o sol as suas brillantes rayolas.

Non dudou, Amaro, nin por un só momento que aquel tiña de sel o tan cobizado lugar dos seus longos desvelos, e reposo da santa emoción que lle embargaba, axionllouse reverente dando gracias á Deus por lle haber permitido o ardente deseio da sua alma fervorosa e crecente.

### Chegada ao Paraíso

A baixada foi fácil e cómoda. As asperezas que deixara atrás, sucederonse sendeiros deliciosos, de cespede mol, e embalsamados os ares pol-o perfume das abundantes froles que os bordeaban.

Chegado ao muro, c' o mais santo dos respetos chamou timidamente na porta, primeiro c' os coños, e non tendo resposta, o fixo logo un pouco mais forte c' o caxado.

Correuse, ao fin, unha á modo de plancha, e deixou ver unha admirabre e ben labrada mirilla, que somellaba delicado encaixe. Tras dos ferros que a defendían viuse aparecer o nobre rostro d'un venerabre vello, de longa e pobrada barba blanca cal folerpas, o que c' o aspecto mais severo, á par que non desprovisto de dozura, preguntou quen era o ousado e atrevido que chamaba á aquela portia, trubando a paz, sosego e silencio que reinaba en tan santa mansión.

Dixolle, Amaro, o seu nome e o fin que había sido o norte do seu viaxe, pregando humildemente autorización para penetrar, siquera fose por breves momentos, n'aquel paraxe do Paraíso.

Repricoulle o anciano, que era nin más nin menos que o patriarca Henoch, facendolle saber que a sua demanda non podía ser atendida pols endexamais home en carne mortal podería entrar onde moran os xustos e benaventurados, e que o millor que faría tiña de ser, de dal-a volta, que abondo fertuna livra con chegar onde ollos humans non puxeran nunca a sua vista.

Impeirou de novo creencia o piadoso Amaro, demandando encarecidamente que xa que non a entrada, lle fora siquera permitido ollar algun tempo á través da mirilla, para se gozar na contemplación das delicias celestias.

### A visión do Ceo

Moveuse a piedade o Santo Patriarca e obedecendo á designios do Alto, otorgouelle o don pedido; mais non ben tiña apricado a sua vista o devoto peligrino, ordenoulle Henoch que deixara o sillo e se elongara pois xa había estado mirando tempo abondo. E pechou a mirilla.

Todo cheo de afición pol-o curto dasua contemplación deu a volta o noso bon Amaro. As maravillas da gloria foran para él, cal visión axiña esvaída e das que, como San Pablo ao subir ao terceiro ceo, non afinaba á se dar conta.

### O miragre

Dirixiuse Amaro, en precura da sua nave e da sua xente e trasposia, agora facilmente a montaña, en de chegando á terra chã ollou inutilmente en todolos sensos pois non descubriu unha nin outra. Mais xulgou se ter trascaburrido no camiño pois fora moi curto e non tardara en recorrello senón un dia, cando empregara moitos na sua ida. A mais en troques da soedade na que deixara os seus, via nas beiras do mar, que enchián numerosas embarcaciós unha grande e populosa cibdade, sobre da que descollaban, cal reinas e señoritas, as erguidas torres de unha eirixa. Grandes fatos de xentes, o mesmo por mar que por terra, dirixíanse cara á urbe.

Como chegaba a noite, determinou Amaro ir él tamén ao pobo en busca de casa cuberta, pra descansar e largar á mañán siguiente en busca dos seus. Mais antes quixo matal-a sede que o esligaba facía longo rato bebendo nun craro regato, e chamoulle a atención, ao se ver refrexado nas augoas, o vello que estaba e a brancura do seu pelo e barba mais achacouno ás penalidades da sua empresa.

Xa entromedias dos camiñantes ao se misturar co eles, dirixiuse cara ao templo pra facel-as suas cuoldianas oraciós e darré rendidas gracias á Deus pol-a protección que lle dispensara no seu viaxe.

Ao demandar aos seus compañeiros de camiño a advocation da eirixa, grandiosa pol-a sua magnificencia e estensión, non se quedou pouco pampo ao lle decir que era a de *San Amaro*, sendo cada vez maior o seu espanto ao lle añadir que a cibdade se chamaba tamén *San Amaro*, en recordo do seu santo

fundador, un venerabre pelengrino que chegando á aquel porto, dende longas terras, facía uns 300 anos, no mesmo día en que se alcontraban, había ordenado á tripulación do buque que o levara, e que tiña o nome do seu dono, que ali o agardara. San Amaro internouse pol-o país adiante, e nunca xamais volveranse á ter noticias suas.

A tripulación, cumprindo as ordes que lle deran, siguiu esperandoo, e ela foi á que votou os cimentos da cibdade no primeiro aniversario da partida do que tiñan xa por santo.

Posta baixo do seu patrocinio, axiña medrou e non se tardou en levantar o templo en honra á varón tan santo e milagreiro como o tiña probado ao correr do tempo. En acción de gracias polos beneficios alcanzados porsanto tan abegoso, cal era San Amaro, todolos anos no seu aniversario, celebrabao o pobo con festas e regocixios, tributandolle ao mesmo tempo a sua gratitud co as más grades solemnidades relixiosas.

Así, Amaro, entendeu can grande é o poder e sabidencia de Deus Noso Señor e como éste lles había amostrado no que él entendera fora tan só rápido istante.

### Santa morte de Amaro

Nada lles dixo, o Santo aos seus acompañantes. Procurou chegar canto antes á eirixa e despois de posírse diante a Santidade de Xesús Sacramentado á quem adorou reverente mente, presentes crerencia e fieles fixolles exacta relación do que lle acontecerá. Tan pronto arrematou, o mesmo que o fraude de Armentera, entregou a sua alma ao Creador de Ceos e terra; mais antes de eisalar o seu derradeiro salayo, antes de deixar a compañía dos homes á que volvera por curtos momentos, pudo repetir, Amaro, o que o Apostol San Pablo, dixo na sua Epístola I aos corintios:

«Os ollos non viron, nin os ouvidos escotaron, nin o corazón do home sentiu, cantá e qué grande é a felicidade que Deus prepara aos que o aman.»

## COLOFON

Véxanse, pois, as analogías que gardan entre si as leendas de *El monje y el pajariño* e a de *San Amaro o Pelengrino*. N-estas formas son coñecidas en Galicia, sobre-saiendo n-elas o principio fundamental e piadoso de que somentes na gracia de Deus está a fonte perenne das ditas sin lindelos nin tempo.

A leenda de San Amaro, de non vir dos celas, trae o seu orixen da antiguedade grega que nos fale por boca de Homero e Herodoto de que os Campos Eliseos e as illas dos Benaventurados achábanse nas misteriosas rexións de Occidente, pintáronos eses paraxes como donde «nun neva, nun chove, nun os elementos se descadean, se non que o Océano fai soprar de continuo unha brisa suave e refixerante» e nos que, materializando eles a vida, «O corpo se deleita c'os manxares que mais presian.»

Según Plutarco nos conta na vida de Sertorio (121-72 a. J. C.) éste sintió vivismos deseños de habitar n-aquela illa e foi nasua busca cobizoso de disfrutar ali unha existencia libre

de toda tiranía e de toda guerra, n-aquel lugar de tranquilidade e felicidade absolutas.

Esas illas dos Benaventurados ou Afertundos, (1) eran as illas Canarias e no partido xudicial dos Llanos, na da Palma, hay no concello da Punta Gorda, ao NO. de aquela, o pago e feigresia de San Amaro ou San Mauro, que así a chaman indistintamente e que está dominada por unha outa montaña, lugar que tan ben concorda coa leenda que vimos de relatar.

A pureza da relixión católica, libre da grosseira materialidade do paganismo, nos fai saber que é o Paraíso, non paraxe de satisfacções de apetitos terrenos, se non a mansión celestial na que somentes á alma lle é dado achar a aspiración do seus ideais n-unha eternidade de santos goces e delicias espirituás.

*Euxenio Carré Aldao.*

(1) Asignaronles diferentes situaciones. HESIODO foi quem en *Obras e días* chamounos así por primeira vez. Para as inscripciones referentes a este punto: Kalbel: *Epigrammata Graeca* y Berlin, 1878.

## QUOD NIHIL SCITUR (1)

### Porseguimento

Que é saber? Coñecel-as causas polas causas, dín. Non está ben: a definición é escura, pois sigue axiña o problema das causas, mais difícil qu'o pirmeiro. Pra coñecer unha causa, compre pirmeiro coñocer todas as causas? A eficiente, de ningún xeito: pois, que, pon meu pai pr' o meu coñecemento? Qu'impórtala o fin? Ademais, si qués, coñecer perfeutamente o causado, compre que coñezcas tamén perfeutamente as causas. Que se sigue d'elquí? O non

se saber nada, si queres ter un coñecemento perfeuto das causes eficiente e final. Demóstro. Pró meu coñecemento perfeuto convén coñecer perfeutamente ó meu pai; pra coñecer a iste, compre que coñezcas denantes ó pai d'il, dispóns o pai d'iste, e así ate o infinito. Das demais causas o mesmo; e o mesmo da final.

Has dicir que non consideras os particulares que non están no dominio da cencia senón os

(1) Véxáense os números 12 ó 15 d'este boletín, onde principia a publicación do soadismo tratado do Francisco Sánchez. O Sr. Alberto Pele, de Braga, livo a gentileza de nos remitir un número do *Diario do Minho*, d'aquela vila, onde ven un seu artigo relatando os argumentos do noso compaño D. Xan Aznar Ponte sobre ter nascido en Tuy Francisco Sánchez. Tral partida de bautismo do filósofo, atopada e publicada pol-o Dr. José Machado o ano 1939 no *Boletim da Biblioteca Pública de Braga*, tomada dos rexistros da parroquia de San Xoán do Soato, e que dí:

*Aos XXV días de julho baptisé francisco fillo de antonio sánchez fistic e de sua molher filipa de souza padriño o commendador antonio de castilho e madrinha maria gonzalves molher do Licenceado manuel aranda moradores na Rua do Soato.*

O Sr. Aznar Ponte era a quem competía, pois ten iste asunto

estudiado, aportar os esclarecimentos precisos pra reutilizá-la opinião ou sostela no seu caso. Pra nós, tanto dá que fose de Tuy coma que fose de Braga, pra qu'o fessamos por noso. A evidencia dun mesmo espírito — a y-alma das vellos Canzaneiros — a latexar d'unha e d'outra velha do Minho — e que non é tampouco descuberto nosa, senón evidencia que comparteu os millores inxenos de Portugal — val mais no orde do pensamento e da cultura, que todolos arredondamentos que por outra banda podían haber entre Portugal e Galiza. O pobrema mais principal a resolver polos pensadores e polos escudadores da y-alma popular e da y-alma erudita das nosas terras, é o de si as obras e as ideas de Francisco Sánchez responden efectivamente ó noso espírito extremo occidental galego-portugués, ou si más ben non reflejan o espírito mediterráneo de Montpellier, ou o vello sangue judaico que levaba nas veas...

universás; home, cabalo, etc. Así é de certo; e por iso dicia eu enantes, qu'a tua cencia non é do home verdadeiro, senon do que ti inventas; por iso non sabes nada. Mais sexa: considera ti ese home finxido, non o has coñecer, se non coñecel-as causas suas. Non ten causa eficiente? Non o vas negar. Si queres coñecer esta, tes que coñecer pirmeiro a sua causa eficiente. Non chegarás á fin, nin saberás, o que seña ise seu home; nin saberás o que fose o verdadeiró: logo non sabes nada. Cecais recurras a Deus, imenso e boísemo coma causa pirmeira e fin derradeiro de todo, e dirás que ahí tes que parar e non penetral-o infinito. D'esto hei falar mais adiante; polo d'agora consinto. Que se deduz d'elqui? Que non sabes nada.

Fuxes do finito e ves cair no infinito, imenso, incomprendible, inefabre, ininteliçibile. Ou é qu'o infinito pódese saber? De ningún xeito. Mais pra ti é a causa de todo. Por iso asegún a tua definición, prò coñecemento dos efectos é preciso o coñecemento do infinito. Logo non sabes nada. Si pro coñecemento das causas non xusgas precisas as causas eficiente e final, porqué non distinguiches na tua definición? Pois eu entendía todas, cando ti falabas en absoluto: coñecel-as causas pol-as causas.

Mais n-outro lado comprende y-enumera Aristóteles total-as causas, eficiente, material, formal e final, cando di que nós xusgamos coñecer as causas cando coñecemol-a sua causa pirmeira. Mais concédoch (ainda cando non deba, nin licitamente poida concedérse) que non sexan precisas à causa eficiente e mais à final. Quedan duas, a material e a formal que penso entendas que han ser coñecidas; mais esto é o de menos.

Si queres coñecel-a forma, compre, asegún a tua definición, qu'a coñezas pol-as suas causas. Non pol-a eficiente e final, com'entes, mais pol-a material e formal. Mais non as téns, por conseguinte, non a coñecerás. Mais si a está non a coñeces, tampouco podes coñecer aquello de qu'ela é forma; pois ignoradel-as partes, ignorase o todo.

Direi igoal da materia, qu'ainda é mais simples e menos Ente e da que cecais non haxa causa niugunha, polo menos eficiente, material e formal, asegún Aristóteles. Da final, pô-

dese dudar. Que dís d'Esto? Qu'abonda o coñecemento calquera das causas pra ter cencia d'unha causa, anque non sexa perfeita. Esas son fábulas. É imposible coñecer perfeitamente o todo cando non coñeces perfeitamente as partes.

Agora ben; s'eus che concedera iso, pergunto: pode haber forma da cencia e da materia? Concederás que si, posto que confessades qu'o sabes todo. Ainda unha vez. Sábel-o pol-as causas? Si non é así, a tua definición é nula; si é así fago a mesma pergunta respecto das causas, é que poden coñecerse? Non menos qu'aquelas, senon millor, por qu'asegún ti, son mais simples, mais coñecidas por natureza e por conseguinte mais coñecibles. Cecais pol-as causas? Iremos dar ó infinito. A definición é nula. Pol-as mesmas razós, non sabes nada.

Xa Aristóteles s'ouxeiou a si mesmo isto: si a cencia sollo é aquela que s'outén por demonstración; posto qu'os pirmeiros principios se non poden demostrar, non haberá cencia d'iles. Mais non satisfaciu dicindo que non toda cencia era demonstrativa, senon que é indemostrable a d'aquelas causas que non teñen medios. D'elqui siguese ser certo que non foi dita *simpliciter* aquela frase: «saber é coñecel-as causas pol-as causas» e aquela outra «a cencia é un hábito adequerido por demonstración», si é que hai algúna que se non outén por demonstración.

Millor dixera n-outro lado e podiese excusar, si sempre houbera falado do mesmo xeito e algunha vez s'houbera espricado craramente tocantes á cencia. Mais coma de cote é vagaroso, confuso e incostante, non deixou lugar prò disulpa.

Il tiña dito: «a cencia das causas das que hal principios, causas y-elementos, depende do coñecemento d'istes. É ridículo o modo com'espóñen esto os seus secuaces, pois cambeando as causas por verbas e siloxismos (adormentados polo erro antigo e podréndendo n'il) interpretan os principios com'as proposiciós pirmeiras da cencia, coñecidas ou supostas, ás que chaman principios e dinidás; esprican as causas com'as proposiciós medias que se fan antr'aquiles e a causa que se val probar; os elementos son o suxeto, o padriçado,

a cópula, o termo medio, o extremo maior e o menor.

Él non é esto unha sutil invención? ou mais ben un soño? Así enganan un pouco ó seu príncipe. Iste non o comprenden nin o siguen, engáñanse moito mais: ate que por fin caen en lentes vanidás, arredándose sen dárse conta da verdade:

Mais voltemos á Aristóteles. Non pode ser disculpado: n-un lado dicía que hai cencia dos primeiros principios, pro que é indemostrable. N-outra: qu'o coñecemento dos primeiros principios se non chama cencia, mais intelección. Esto vai fora de propósito. A cencia d'unhas e d'outras cousas, s'a houbera, había ser perfeita. Mais como se non ten cencia d'istes, tam-pouco se ten d'aquelhas cousas das cales istes son principios, D'eiquí sacamos que se non sabe nada.

Ademais, que ouira cousa é a cencia si non a intelección das cousas? porque logo dicimos que sabemos algo, cando non o entendemos. Mais tampoco é certo qu'a cencia sexa dobre; unha e simples sería, si a houbera, com'é unha a visión: habería non embargante modos d'outela; un simples, cando coñecésemos unha cousa simples, com'a materia, a forma e o espírito, si queres; outro composto por dícllo d'iste xeito, cando coñecésemos unha cousa composta, que conviñera espricar primeiro e coñecer primeiro cada unha das suas partes, e despox o todo. O primeiro modo precede de cote ó segundo; mais non sempre iste sigue a aquil.

Nos dous casos, a demostración non sirve pra outra cousa que pra amostral-a cousa que se ha coñecer. Mais abonda, pois dixemos moito mais do que semellaba convir pra quem nada sabe. Mais non sen razón foron ditas estas cousas. Ate eiquí, amostrei a ignorancia dos outros tocantes ó coñecemento: agora exporei a miña definición, non vaya ser que pareza ser un soilo o que sabe alguma cousa. Por elo poderás ti saber quan ignorantes somos. As cousas que ate agora foron aceitadas por moitos, a min parécenme falsas, coma xa amostrei; as que en adiante direi, parécenme verdadeiras. Pode que ti xusquel-o contrario, e cecais sexa iso certo; d'eiquí seguiráse a confirmación da tése: non se sabe nada.

Imos ver o que sexa saber, pra que mais manifestamente se concruya si se sabe algo. *Scientia est rei perfecta cognitio.* Velequí unha fácil, e emporiso verdadeira espricación da verba. Si perguntas pol-o xénero e a diferenza, non chos darei; pois estas son verbas mais escuras qu'a definición. Que é o coñecemento? De certo non sabería espricalo d'outro xeito; e si d'outro xeito o definise, d'esta definición e das suas partes, poderías ti perguntal-o mesmo; así endexamais chegariamos á fin, sendo perpetua a dúbida tocantes ás verbas. Por esta razón as nosas cencias son infinitas e inteiramente dudosas; cos nosos esforzos intentamos demostrar con verbas as esencias das cousas, e d'esprical-as verbas por medio d'outras, o cal non somentes é difícil, senón imposible. Nada sabemos.

Dis que nas cuestiós chega un instante que copre deterse. É certo, por que se non pode proceder d'outro xeito. Mais non sei o que é o coñecemento; definemo. Diría que é a comprensión, a penetración, a intelección da cousa e calquer outra verba, si a hai, que sinifique o mesmo. Se d'isto ainda duderas, calatei; mais pedireiche outra definición; si a deras, dubidaria d'ela e d'iste xeito traballaremos de cote en perpetua ignorancia.

Que é o que nos queda? Estremo remédeo: pensa ti por ti mesmo. Pensaches e cecais na mente comprehendel-o coñecemento: mais é igual, si non. Eu tamén parécenme telo comprendido. Que se sigue d'eiquí? Que cando felo despox contigo sobre de coñecemento, supón que é atal e coma eu e comprendín: ti pol-a tua banda, atal e coma o comprendiches. Eu afirmo que é unha cousa; ti pol-a contra que é outra. Quen vai fallar n-iste prelio? O que teña coñecido verdadeiramente o que é o coñecemento. Quen pode ser? Ningún. Cada un parez doglismo pra si mesmo; a min parécenme todos ignorantes. Podia qu'eu soilo sexa o ignorante: eu quixera saber esto, mais non podo. Que vou dicir, logo, qu'estea exento d'ignorancia? Nada. Entón, porque escribir? Eu que sei. Com'os ignorantes, seré ignorante, home son, que facer? Nada importa.

Volvo ó asunto. Nada sabemos. Mais a fin de que o discurso siga, supón a expriación

dada por mi da verba cencia; e d'equí deduzamos non se saber nada, pois supor non é saber, senón finxir; e por esto das suposiciós nacerán fiuciós, mais non cencia Olla onde nos levou o discurso: *toda cencia é unha fiución*. É evidente: a cencia outense por demo-

tración, esta supón a definición, malas definicioñs non poden ser probadas, senón que deben ser creidas; logo a demostración por suposición producirá unha cencia suposta, non firme e certa. Todas estas cousas dedúcense dos teus principios.

## ARCHIVO FILOLOXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZA

### CONTOS

#### O zapateiro e o dema (1)

**N**a noite de San Silvestre, soLEN as bruxas ir ó campo de Sevilla, a bicarlle o traseiro ó Demo.

Achándose unha bruxa amigada c'un zapateiro, e tendo qu'ir ó dito campo, díolle a il que non fose á noite á sua casa, que tiña que faguer un viaxe, e il respondeulle que quiría ir co-ela, ó que ela lle respondeu que non podía ser, mais despois de tanto terquearle, cedeu a bruxa, y-emprenderon os dous o viaxe.

Chegados misteriosamente a dito campo juntáronse todal-as bruxas, e antr'elas o zapateiro, vestido de muller; as cales puxérонse en ringla, e o Demo no comenzo d'ela e ibanlle bicando o traseiro, unha por unha.

Chegoulle a vez ó zapateiro, e parouse diante de Satanás, e dixo pra si: —Y-eu voulle bicar o traspuntín a iste larpeiro?

E acordouse d'unha sobela que tra güía no bolso, quitouna, e cravoulla no traseiro ó Demo, ó que il respondeu:

—Ay, hó, que barbas té!

(1) Iste conto, do que non tñemos escrarecido a procedenza, como tamponcou dos dous que velen atrás d'il, é o mesmo que sirven de vase ó Valentín Lemas Carvalho no seu *Zapateiro de Cangas* publicado no libro *Gallegada*, Ourense, 1887. O que elímos, é unha lembranza popularizada na lectura da *Gallegada*, ou é a fonte popular en que s'inspirou Carvalho. Non é dondo determinado sin más datos.

Notemos: que di o campo, e non o arcaí de Sevilla, comouros contos de bruxas. Qu'o zapateiro pra ir á Junta da das bruxas tñese que vestir de muller.

#### Qué se vai o San Pedro

**Q**uerendo un Abade presentarlle ós feigreses pol-o dia de San Pedro a imaxe do Santo, viu qu'estaba moi vella e comesta da polilla.

Perguntouelle ó sacerdote qu'iban facer pra non perdel-a esmola qu'aquil día ofrecio a gente; e o sacerdote díolle que había na parroquia un home moi imitante ó San Pedro, e que dándolle ben de jantar e pagándolle, faría aquil día de Santo.

Enteirado pol-o sacerdote, o home parecido acetou; e despois de ll'indican mil veces que non tiña que se mover nada, arranxárono e púxose no altar (1).

As primeiras horas pasounas sen remexer. O peto ja íba cheo, e a eirexa chea de gente.

Chegou a hora da misa, alcenderon as velas, e o probe do santo ja non aturaba coa calor e as moscas qu'o viñan picar.

O comenzo da misa foíno resistindo,

(1) É un caso ben socorrido nos contos populares isto d'un home que fal de santo, ou d'esteute de calquera cría. Por chegar, chegou, que lembranza agora, a unha novela de George Meredith. Nos nosos contos hai mollos casos d'istes. O humorismo gallego dáelle molta punta á comprometida situación do home-esteute.

mais chegada á metá, ja non aturaba coa calor e as moscas qu'o viñan picar.

O comenzo foíno resistindo, mais chegada á metá, já non aturou e brincou do altar embaixo e botou a correr pr'a casa. Os feigreses ficaron espantados, berrando:

Qué se vai o San Pedro! Qué se vai o San Pedro!

#### A misa dos difuntos (1)

O crego d'unha aldeia pasmábase de que todal-as noites tocaban as cámpás, sen que ninguén soubera quen era o campaneiro.

Despois de perguntar a todol-os veciños quen era o valente que quería velar unha noite ó que tocaba, ninguén se decideu a tan medoñento cárrego, e o crego non tivo mais remédeo que chamar un piquete de tropa, e perguntar quen era o valente que tiña decisión pra faguel-a garda de noite na eirexa.

Presentouse un d'iles e púxose á noite no altar mór, e pol-o meio da noite, viu unha das louzas que s'erguía, e saíu un crego que foi tocal-as campás; o soldado amedrantado, lle non dixo cousa níngunha, mais ó vir de tocar, deulle o alto, mais o crego non fixo caso, e me-teuse outra vez debaixo da louxa.

Pasou un pedazo, volvuese erguel-a louxa, e saíu o mesmo crego, O soldado enrabechou e pillando o fusil, díxolle:

—Ou te dás, ou mátote, e despois non volves tocar más!

O crego respondeu:

(1) Tamén iste ten semellanza c'ouiro do Lamas Carvalhal en Gallegado, titulado *As tres misas do gallo*, tomado d'un orixinal francés. Trátase ali d'un crego que dixerá as tres misas do gallo aprisa e distraído, pensando na colación, e a familia qu'es estaba ouvindo tamponcou atendida, e d'aquela, todol-os anos por molto tempo titán que voltar todas aquelas almas ó mundo en penitencia a repetiren as tres misas do gallo.

Outro caso de misa dos difuntos é a leenda referida no número de NÓS, co título d'a Sociedad do Óso.

Dous variantes asturianas do que agora damos elas venen no libro de C. Cabral, *Los credos tradicionales asturianos*, Madrid, sen da's (Ed. Voluntad), cos títulos de *El ahoreado* e *El Soldado valeroso*, as duas comparten, poiso n-elas espícaise a razón do caso, qu'era no primeiro o crego purga o pecado de esconder baixo terra os carlos que lle sobraren; no segundo, o crego cobrara adiantadas varias misas de difuntos, e morre a cando lle faltaba usha por dicir, e tocaba as campás ate qu'achase un valente que ll'ajudara a misa.

A versión que nós damos é pol-o tanto incompleta.

#### NÓS

—Non toco mais, pro tesme qu'axudar á misa, e non tés que mirar nada pra trás en toda ela.

O soldado dixo que ben, emprincipiaron coa misa.

O comenzo foise sostendo sin ollar pra trás, mais chegado deixa a mitade, já non pudo mais e mirou arredor, vendo con espanto qu'a eirexa estaba cheadas almas das persoas alí enterradas. Mirou outra vez, e já non viu nada, e o crego qu'estaba dicindo a misa, desparecerá.

Despois saíu da eirexa, contou ós veciños o que ll'acontecera, e morreu ós poucos instantes.

#### As estopas

Un domingo, o crego d'unha aldeia mandou o sacristán que collera un cuartillo de gas e unhas poucas estopas, e cand'istivera il padricando, que había ser tocantes ó inferno, rubira ó tellado, quitara unha tella, e pol-oburalo fora botando pouco e pouco estopas ardendo.

Principiou o crego o sermón, e o sacristán a botar de cando en cando estopas acesas, e o crego dicia:

—Mirade, hastr'o demo sabe que estamos falando do Inferno!

Sigueu coa plática, e d'alí a pouco, advirteu qu'as estopas ardendo já non caían. D'aquela berrou:

—Anda Satanás! sigue botando mostras do teu lume eterno!

E o sacristán, que rematara co-as estopas respondeu:

—Gas inda hai, señor Abade, mail-as estopas já acabaron!

RECOLLIDOS POR  
TOMÁS CID E IGNACIO HERRERO  
ALUMNOS DO MAGISTERIO

#### Que me lava o demo

Refiren na Limia, qu'indo unha noite o sacristán pechal-a eirexa de Lampaza ou Parada d'Outeiro, que n-esto non andan seguros, sinteu drento un grande estroncio, causado por un por-

co. que se metera ali, e andabas ás fuciñadas cos bancos e cos confesonarios. O sacristán papou un gran medo; pechou a porta sen mirar e veuse correndo á reitoral, dicirlle o Abade:

—Ay, señor, veña, veña por Dios, qu'anda o demo na eirexal

—E logo como é eso, hó?

—Si señor, anda, sentino eu qu'anda metendo un barullo grandismo, a couces cos confesonarios, e a cornadas. Veña desconjuralo correndo.

—Imos logo alá.

E o crego revisteuse co-a pelliz e a estola, dos exorcismos. Com'o sacristán nunca se vira n-outra, perguntoulle o qu'il tiña que faguer. O crego espicoullé:

—Ti, a todo o qu'eu diga, non dís mais que: Amén! entendas?

E foron. Dentro da eirexa sintíase o porco andar a catro pés e a toupadadas

co-as portas. O crego e mail-o sacristán, se medo levaba un, medo levaba o outro.

O crego abriu o libro, e díxolle o sacristán:

—Abra a porta y-entremos.

O sacristán, que tremaba com'unha vara xerde, respondeu:

—Ai, señor Abade, pirmeiro vostede.

—Boeno logo! Non t'esquencias: a todo qu'eu diga, ti respondes amén!

Foron abrindo a porta a modiño mais o porco de que viu un sitio por onde fuxir, botou a correr car'a porta, e coma non tiña sitio, meteuse por antr'as pernas do abade que non sabía quen era o qu'o levaba, principiou a berrar:

—Ay, Ay, Ay, que me leva o demo!

E o sacristán iba berrando atrás d'il:

—Amén, señor, amén!

REFERIDO POR  
M. F. (LAMPAZA)





## TEMAS COMPOSTELANOS

### A PAISAXE

Santiago frocece secularmente n-unha rexión de contauto dos dous tipos diferentes da paisaxe galega: o montesio, esquivo, cuasque ermo das terras do Tambre e vals verdecentes que prelidian a saudosa beleza do val Ullán e da ría d'Arousa. Despois do cemiterio a final da rua de Boneval, romantizado pol-as oxivas nórdicas do ábside de San Domingo, despois do crucelio de San Pedro, a túneca de pardomonte do ermo paisaxe alóngase en lexanias griseiras. A carretera da Cruña tamén sai en precura dos abertos hourizontes d'un *dos de pays* batido pol-os ventos, comesio das ovelas, soilo decorado nascedas primaveiras pol-a sinxela floración das uces e dos toxos. Os camiños pechados antr'as outas tapias d'horcas que saen de San Francisco, levan ós fresqueiros prados do Sarela. O bosqne de San Lourenzo, a carretera de Noya, as terras e lugares que chegan preto da Ferradura, xa son d'outro xeito. Dend'a Ferradura dominase un dos hourizontes mais comprelos de nosa terra: ó lonxe azuleian os curutos de Barbanza e do Treito na dirección da ría de Noya, os milleiraes e arboredos da Mahía contrastan co cumpleiente do Pedroso, os piñeiraes de Conxo xa son irmaus d'aquiles da veiramar que soan á compás do Atlántico. Pra sentir o espírito de Compostela é preciso fuxir algunha ves do feitizo das arquitecturas pra paseiar por estradas e congostras. Santiago fan penetrado pol-a vida da aldeia, cidade de pazos, de mosteiros, centro de paisanaxe, fogar das tradicións, xurde mais compreto e vivo contemplando o fincar das suas raíces no vello chán galego. Como todal-as grandes creacions é universal

sen deixar de ser da terra, e cicais precisamente por selo en mais oulo grado que ningunha outra vila.

### A RUA NOVA

Santa María Salomé co seu sinxelo pórtico aldeán parés unha fidalguía d'aldeia entr'os grandes pazos de señores encopetados. Esta Rua Nova é un anaco d'unha Ravena menos tráxica, menos desfeita, como que en vez do sopro morto do Adriáteco, chega elquí os creadores nevoeiros atlánticos. Na Rua Nova hai ó menos oito perspectivas diferentes, un xogo de soportales asegún andamos por ela. Os pazos grandes coma Audencias Territoriales, alterman c'as fachadas barrocas nas que a pedra sabe xugar co-a luz do sol e da lúa, e os ferros froridos c'as *improntas* súpelas das chuvias. Hai os soportales de *loggia* italiana, os que forman un narthex ós pazos, os mais familiares que collen varias casas e teñen telo caleado con bombillas eléctricas com'as sás domésticas. E eu conceitúoa a vía mais nobre d'esta Compostela que non ten unha gran rua trasversal com'as cidades mediterráneas (Corso). N-a Rua Nova, os oficios teñen carís arcaico ou artístico, carpinteiros, xastres, chocolateiros d'aspeuto clerical, sobre todo os chocolateiros, que van rasurados, visten de loito, trepan pouco, teñen a coor do cirio e as manelras suaves dos que traballan pol-a noite ó acollido.

### A QUINTANA DOS MORTOS

Toda Compostela está chea da ledicia do campo galego. Has tra a graniteca praza Quintana, ascéteca e fria, animase no lado N. sobre as escaleiras, co-a fechada d'un verdadeiro

pazo, de leda ornamentación barroca, solaina e parra vella. En Santiago a auga decorre coma por riba dos outeirais: drento de moitos siglos os edifizos veránse fondamente traballados pol-a erosión das chuvias, ó igual dos costos. Xa tefien contribuído á ornamentación nun senso románico ou barroco. Na Quintana zoa cando chove com'o cair da auga nunha fonda cisterna: é de certo unha cisterna d'eternidade e d'ensoño secular. Está laxeada co-as pedras d'un mosteiro desfeito, e o muro impracabre de San Payo é unha d'esas superficies de pedra que parescen seguir a un porruas e prazas, axigantándose na noite. Hai n-esta praza un misticismo maduro, feito, cercais un pouco escurialense a primeira vista. Mais as ventanilhas románicas do ábside vello asoman cheas d'alborada por riba da frialdade neo-crásica dos ábsides novos.

#### O ARCEBISPO BARROCO

Fray Alonso Monroy, un ríquismo mexicano da orde de Padricadores, gobernou os Trinta derradelos anos do século XVII. O barroquismo ten molto dos novos mundos: a fartura de lus e coor das selvas e dos mares foi entrando pouco a pouco en Europa. Comenzando pol-e manuelino portugués e mais oumienos contido pol-a disciplina crásica, van dominando as variadas sortes do barroco: n-este arte, á veira da fartura que nesce do comprimento de todos os fis, hai a dila infuencia dos mares de coral e das selvas cheirosas do Trópico. Monroy gastou un *plata* en obras decorativas (o Camarín do Apóstol, por eix.) e couse ben sínificativa, no órgano mor da Catedral. Eiqui podesz apreciar a doutrina de Spengler. Dorme na capela, feita por il. de Nosa Señora do Pilar, no ábside: a lus cai escenográficamente dend'a bóveda octogonal sobre marmóreas de coores dispostos nun xeito decorativo e sumptuoso. Sesenta polixas liñas de latín outonizo forman o epitafio do Arcebispo, o mais elocuente da Catedral. Retórica, plata, luxo; esta capela é irmá da eirexa de Guadalupe en México.

#### TEÓLOGOS E FILÓSOFOS

As duas fundaciós do gran Fonseca, os Colexios de Santiago Alfeo e San Xerónimo foron lamentablemente desfeitas en 1830. A vida corporaliva cuasque conventual dos colexiales

de terse conservado, formaría fogares de outos estudos crásicos e teolóxicos animados, como en Etón, polo vida sportiva. Os vintecatros becarios probes de San Xerónimo, ouian os cursos de *Sumulas, Lóxica e Filosofía* durante tres anos; levaban mantos de buriel, comían ás once e ás nove no inverno, ás dez e ás cinco no verán; tiñan tres profesores (Regentes) y eran dirixidos por un Vice-reitor. Os dazaolito colexiales de Santiago Alfeo levaban lobas de buriel e becas de grana; estudaben seis anos de Teoloxía, pois xa eran graduados en Artes; o Reitor e os consiliarios eran nomeados antr'os colexiales. A vida nos dous centros era severa e ocupada. Os filosofos recibían cada día unha libra castellana de carneiro, e os días de pescado, o valor equivalente. «Mas no se le ha de dar vino ni ante ni post; sino tres maravedis de azeite para cada uno para cada noche para que estudien». Os teólogos de Santiago Alfeo recibían diariamente unha libra galega de carneiro e «un quartillo de vino, que en este reino se dice neto, atento a que son estudiantes y han de andar en el curso de Teología». Os leitores tiñan dous quartillos. A Filosofía era «*Ancilla Theologiae*».

#### O PAZO DE ALTAMIRA

A casa gótica que había n'outrora na praza do Pan debería chamarse *palazzo*, a florentina. Un pazo galego non pode ser oxival; está feito pra erguerse acolledor, sobre xardíns, soutos e searas. Inda trasportado á cidade garda un pouco do seu tipo labrego. O pazo torreado, forte, c'unha legancia d'armadura é propio das guerras familiares, do feudalismo inxertado no medeo ciudadano. En Santiago xa non queda ningún, a vila énchouse nos séculos XVII e XVIII de pazos feitos pra dominar pol-a etiqueta, pol-os foros e pol-as leises, non polos homes d'armas. Hai que buscalos en Noya, os esquivos palazzos oxivales cobrindo ca sua sombra marcial as rúas medioevales, á veira do porto esquecido, o mais evocador das nosas costas.

#### AS CAMPÁS D'ABRIL

As bateladas das eirexas románicas sempre parescen espallarse na esperanza d'unha alborada primaveral. A románica e a nosa arqui-

titura natural, e a ordenación artística do granito cerne da nosa terra, de tal maneira que a eirexa románica non parés un ouxeto d'arqueoloxía: sempre viva e nova coma todal-as cousas eternas. Esquécese un de estilos, de escolas e de datas. Non é erudita e importada como a arquitectura mozárabe que leva en si os ideais d'outros soles – O arco l-a abóveda fai-se naturalmente redonda como un rapaz doma un bimbi, un vello un pau de cayada, un carpinteiro as taboas d'unha cuba. A ideología da arte gótica escolástica e doutrinalmente mísica pódese comprender, pódese expresar. O misticismo do románico e o mesmo da terra, fuxe d'unha interpretación filosófica, síntese millor que se define. As pedras gardan o ensono secular que dormien nos outeirais dos que foron arrincados pol-o picar cantareiro dos canteiros labregos. Na eirexa romanica sintese o fresco da sombra dos carballos venerabres dos campos de feira. Na decoración latexan ensonos campesinos, florecen as sinxelas prantias que medran nos sulcos das herdades o pé dos centeos dourados – Os anxeles, os santos, os gaiteiros, as escenas bíblicas i-evangélicas de archivoltas e capiteis son familiares pro paisano. Sollo en Galicia se pudo facer a catedral románica grande d'abondo pra acoller na sua sombra campesia a multitudine dos pobos cristianos. A perda de grande parte da catedral románica foy tan lamentable coma a de basílica medioeval de San Pedro, de Roma. O románico de Compostela vai asociado o nome de Xelmirez. En Santa Susana, en San Fiz pouco queda. Abonda. Un pórtico, un abside do siglo XII dan á eirexa mais restaurada i-anodina un aire de mocidade somillante a ises lústrigos de neno que as veces brillan no sorriso, no ollar dos homes vellos:

#### O SANTIAGO PRE-APOSTÓLECO

Por unha elocuente contradición a mais ilustre vila de Galicia e a mais nova das nosas vilas históricas. Non tén bronce, nin cemento, nin epigrafía romana. Pra estar mais preto da eterna esencia da terra durmio muitos siglos sen hestórea hasta que o miragre viuna des-

#### NÓS

cobrir pra facela rutilar no coro das eirexes apostólicas. Nas carballeiras pechas, nos esquivos coutos mollados polos orballos adormeceu a y-alma celta de Galicia nunha homildade dona do porvir. O Apóstol chegando polos camiños do mar, quixo dormir illorado lonxe das rías romanas, apartado dos portos, hasta saber que a cruz trunfaba en todos os cumes de Galicia fazendo recuar os cultos naturalistas nunha longa epopeya dina de ser dramatizada por o Zácaras Werner da «cruz no Báltico» ou polo Gerardo Haupmann da «Campana alagada». Cando o ermidaño Payo «dicia misa aos mouradores de San Fiz». Os deuses das augas e das pedras estaban confinados na noite e xa Galicia sentiasi libre da ameaça do Islam: Santiago podía por-se o frente do seu pobo eleito

#### OUTONO FARTO E DOURADO

Obradoiro traballado como unha casulla, altarcos solenemente flamexantes de San Martín e de San Payo, fantasía xeométrica de Santa Clara. O barroco leva o nome portugués das pedras imperfeitas e decorativas, ás que soilo sirven para compoñer conxuntos, non para brillar con serra lus. O barroco galego refrexa un sol-por de vendima e de faría recolleita. A sua época é na hestórea de Galicia un soñole período somellante o dos Antoninos na antiguedade; fai falla o estilo dun Gibbon para contalo. Os fidalgos erguen pazos – non castelos – e fundan foros, os mosteiros dormen sestas lembrando vagamente o tempo heróico dos seus orixes, os arcebispos gastan as rendas fabricando imensas arquitecturas – O correr do tempo o barroco gana en dinidade: o sol e a chuva, a saudosa neboeira atlántica reconoce a sua amiga a pedra e van-a cooreando, amorosamente hástra darlle o caris dos outeirais. O labrego gosta do luxo do barroco como gosta das cangas dos bois traballadas a navalla, da pruma de pabo rial no chapeu, dos follós e das solainas adornadas con espigas de millo. Hai tardes en Santiago nas que as torres resaltan no sol derradeiro, parecen, luxosamente revestidas, celebrar na Misa Mayor.

RAMÓN OTERO PEDRAYO,

# OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

## LIBROS

D'OUTONO, por GONZALO LÓPEZ ABENTE (Editorial Ronsel, Cruña, 1924)

**A**lgúns dos sonetos que compoñen iste libro, publicamolos já eiqui. Por más qu'a feitura clásica dos sonetos do López-Abente - é non hai mais que lembrar aquiles tres: *No facho*, *O Carballo*, *Medo* - é perfeita, escorreita, impecábele, sen mágoa, a sua inspiración barudamente romántica d'honte da veiramar, alópase estreita na gayola dos calorce versos, e cobiza a cada instante fuxir voando. Debeu ser pra il o compor iste libro un riguroso exercicio de disciprifa da vontade e da intelixencia, bó pr'affirmal-o seu espírito forte e re-pousado.

Co gallo d'iste libro, dixo o Vilar Ponte en *Alfar* cousas moi atinadas en col da expresión racial na literatura. Porqu'efectivamente, os mais dós sonetos de López-Abente tratan temas universais: os sentimientos primarios e prepotentes do curazón-dos homes, lírica suxetiva, anque descriva e anque refira. O que si acaso ten de clásico iste libro, é a nobre outura espiritual, a aristérquia en que se mantén o autor, esa dinidade tranquila que teñen todal-as suas verbas, e que compre dicir que resulta confortante no meio de tanta barballoceirada coma ceibán por elí adiante pra chamar a tensión.

O López-Abente, sinxelo, modesto e calado coma é, ainda ten torre de marfín, e non espón a sua musa no taboado. Philéas Lebesgue, que tanto aprecia os seus versos, poderá comprobar, cando lea *D'Outono*, qu'iste poeta galego, que é dos seus preferidos, non vai pra trás; senón pra diante e prariba.

Alvaro Cebreiro puxo ilustracions ó libro de López-Abente, do qu'a Editorial Ronsel fixo unha edición feita y-escorreita, que non ten mais que ll'apor, senón que s'imita demais, até nos tipos empregados, ás da *Revista de Occidente*. Pensamos que hai gelo doadoo de qu'a unha edición feita en Galiza se lle coñaza que é unha edición galega; compre crrial-o tipo do libro galego. Moret, qu'impríntou iste libro e qu'anuncia ediciós dos nosos clásicos podia facer moiño n-iste senso. As ediciós da sonada *Biblioteca Gallega* de Martínez Salazar, tifan

cerla persoalidade. E sobre todo, compre non imitar, e menos a Madri.

Os deseños do Cebreiro son agás dous de figura, paisaxes abstractos, japonizantes mais que cúbicos, decorativos, con certa lembranza do Castelao, conservando a disposición lineal das nubes propia do autor n-outro tempo. S'istos paisaxes dicen ben e agariman os ollos, en froques valen mail-as figuras, que son mais atinadas e verdadeiras.

V. R.

## AS NOVELAS DE «LAR»

Inda qu'outro mérito non tiveran estas recadádivas - das que n-iste segundo tempo de renacencia galega, lembramos já seis: *Terra a Nosa*, na Cruña, que publicou 15 volumes; *Céltiga*, no Ferrol, que publicou 13; *Alborada*, en Pontevedra, que sacou 4; *Libredón* de Santiago, que levá imprimidos 2; *Lar*, vai nos 8; e derradeiramente, a intentada *Follas galegas*, da que non chegou a se ver mais que un, cunha escolma de versos d'Afon - sempre haberían servir pra virmol-o gelo que levan en general ás letras galegas, especialmente no tocantes á novela, género qu'eiqui non fai mais qu'escomenzar.

Seica já nos temos layado outra vez, falando d'esto, da decadencia entre nós da arte da minifira - o dito é d'Oscar Wilde - porqu'efectivamente, vemos qu'as más das novelas son más ou menos realistas, e ademais, semella qu'os autores se non estreven a sairen do que nas comedias chaman *época actual*. Falla, polo d'agora, a evocación histórica - a pesares de termos un Vicetto - ; falla o elemento preternatural: dixérase que nonos sirve pra nada o folk-lore. D'iste gelo, o que sigue dando moi persoalidade á nosa novelística, son as obras d'ambiente labrego.

O ilustre humorista Wenceslao Fernández Flórez fixo pró pirmeiro número de «Lar», unha novellina do seu gelo predileito, *A mila mueller*, que ten, ademais do tipo estupendo do Picouto, verdadeira superaciou do filisteu eterno e omnipresente, a originalidade de pasar á mitá d'ela ante pantamas de mortos. No estilo estruído e periodístico qu'adoita empregar pra marcal-o contraste antr'os conceitos convencionais e a verdade da vida, noláselle n-iste caso, o non estar afieito a escri-

bir na nosa língua, da que sabemos porén que fai un estudo miúdo e serio.

*O Anarquista*, de Leandro Pita Romero, foi o segundo volume. Ben dado o ambiente, xusto e con zelme o estilo, escorreita a fala, é esta unha nova historia de caciques, que non por ello chega a ser vulgar. Trata ademais d'un elemento relativamente novo na vida das nosas aldeias; a tenda, somentes qu'a tenda é eiquí elemento pasivo. Había ter interese estatal-a influencia da tenda na aldea.

*O Pastor de Doña Silvia* d'Aurelio Ribalta é un idilio d'un encanto moi seu, imitante á sinxeleza feiticeira de *Néveda*, ou dos contos recorrentes de Francis Jammes. O caso – a fidalga namorada do labrego – asemellose ben ó d'*Almaide d'Etremont*. Ademais está novela sácanos, inda que nonos leve moi longe, da época actual. E non imos dicir rep de com'escriva un dos mestres millor postos da nosa língua.

*Os probes de Deus*, de L. Amado Carballo, pasa nun asilo de vellos; Juntaiza de vidas doentes que rematan nunha doce, morna, queda tristura, envolta en sol de caridade, en esceas referidas nunha prosa entenrencida, lene de piedoso agarimo, sacandolle moita expresión ó tesouro sentimental da fala galega. Leandro Carré, o director da publicación e coñecido autor dramático, presentámos en *Nacella* un sentido caso d'amor e de sacrificio, unha frolação de delicados sentimientos antra vulgaridade d'un escritorio. Porqu'eiquí deixámos o ambiente aldeán y-entramos por primeira ou segunda vez nadamais, na homildeza do traballo vilego e da vida comercial, hoxe já importante nas nosas cidades. Unha soilla novela galega lembramos agora que leña por escea o mundo do negocio: *Posta de sol*, de José Alcrudo Gorchs, publicado en *Terra a nosa*; mais esta pasa en Barcelona y-é d'autor catalán. Leandro Carré fai polo tanto unha verdadeira inauguración.

E chegamos a *Martes d'Antroido*, da autora de *Néveda* obra que feremos que lembrar tantas veces coma falemos de novela galega. Ten *Martes d'Antroido* pasos en qu'a tenra emoción de *Néveda* volve aparecer cheia de perfume. Moito é o estilo, moito fai o léxico na obra de D.<sup>a</sup> Francisca Herrera Garrido, mais non é somente por esto o ter posto de honra antra os nosos novelistas.

*Antón Piruleiro* de Xesús Fernández e González, volvemos traguer de cheo á vida da aldea. É a vida d'un mozo labrego e soldado. Vai ben o asunto dos paus na festa e o romedio que lle dan os cregos.

Polo derradeiro, ven unha obra premiada na Festa da Lingua Galega de Santiago, e que se non imita ás obras qu'adotan seren premiadas nos concursos. *Pantelas, home libre*, de

## NÓS

Ramón Otero Pedrayo, é unha vida sacada do natural y-enxergada por un escritor de primeira forza. Está feita seguindo o pensamento que levou o autor a escribir as avocaciones do século XIX que tem publicado en *Galicia* de Vigo, e ollando a aldeia co mesmo espírito que no estudo en col d'ela publicado n'estas páginas. Tanto o *Pantelas* com os outros cadros, só teñen parello, si acaso, nos contos do Castelao. Hai eiquí un pulo novo, que non é o da literatura decadente de moda. Hai un vel-o home na terra e a terra no home, que já vai mais aló do puramente artístico para entrar nas interpretacións filosóficas.

V. R.

## AS PUBLICACIÓNS DE «LIBREDÓN»

Xurdeu primeiro que *Lar* vai mais de vagar. Até d'agora non sacou mais que dous volumes: *Mariña Andrade*, do seu director Xavier Pardo e *Concepción singela do ceo*, de Correa Calderón. O mesmo formato e disposición que a outra. Camilo Díaz fixo pra *Lar* una capa que é a mesma pra todos os volumes, e qu'apresenta, antremelas dous monstros do Portico da Gloria, o céltigo trilho diante do redondel da lua. Alvaro Cebreiro fixo capas e ilustracións diferentes pra os dous volumes publicados de *Libredón*, d'estilo mais humán no de Xavier Pardo, d'estilo mais moderno no de Correa Calderón.

*Mariña Andrade* é unha sinxelísma historia d'amor e misterio, mais ben un ensaio na novela que fai o Xavier Pardo, tradutor da *Legende de la Mort dans Sasse-Bretagne* de la Braz, tradución que publicou en *Galicia*. Está ben escrita, e desenvolta en certa feitura poética que lle dá moi bo gelo. Anque intervén a superstición, non a confirmán os feitos. Non saberíamos dicir ate que punto é estética unha solución asína. Anque seña mais emotiva.

Na *Concepción singela do ceo* atinadó o Correa Calderón. O seu ceo é unha síntese tan perfeita e tan nida do material e do intenso da terra galega, que ven ser un caso mesmo escrito d'inspiración, dos merecentes de seren salvados do esquecemento. A novela é feita e recorrente. Mais non sei que, demo de preconceito lingüístico se lle meteu na choza, qu'o levou a empregar unha ortografía arbitraria e mais ben regresiva, e construcciones que repunán á nosa lingua, como poñer os pronomes qu'en galego van enclíticos, diante do verbo: «lhes dijo» por «dixolles», verbigracia.

*Libredón* anunciou hai tempo o seu 3.<sup>º</sup> volume c'un conto escénico d'Antón Vilar Ponte, e o 4.<sup>º</sup> c'un ensaio dramático do Bouza Brey. Ogallá nolos dea logo.

V. R.

NOS

# Dr. MOSTEIRO

Médico Odontólogo

Medicina e Ciruxía da boca :: Eletricidade :: Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia ::: Canto Pequeno, 1 (Casa Pastor) A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

DROGUERIA E FARMACIA

Progreso esquina á Luis Espada  
OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros RAFIUM

De más dura qu'os de pruma e limpa millor  
Véndese en todolos estabrecimentos do ramo  
Andrés Perille OURENSE

Reloxería ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agujas  
e accesorios

M. Calviño  
OURENSE

Sombreíreira

L E M U S

A MAIS ECONÓMICA DE GALICIA  
San Andrés, 74  
A CRUÑA

VIÑOS RANDULFE de Bodegas Gallegas

Finos de mesa :: OS PEARES :: (Ourense)

**SANATORIO QUIRÚRGICO.** Diretores

Manuel Peña Rey

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Cirugía general

Especialista na gorría, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten todolos condicións precisas. - Practícase toda crá d'operacions - Dotado de todolos adiantos que pide a actual Cirugía - Modernas instalacions de RAYO X para diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda, con voltaxe de 250.000 voltios. Aparato de Diatermia pra tratamiento d'anexitis, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera. Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra-violeta pra tratamiento d'escrofulosis, reumatismo, alopecia, eczemas, etcétera.

Admitense embarazadas, e cóntase con material esterilizado pra fora da cibade en casos d'urgencia - Poden colaboraren todolos compañeiros, previo consentimento dos directores.

Progreso, 95

OURENSE

Teléfono 371

:: BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE ::

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE. LOS GALLEGOS blanco e tinto.

Macia e Valeiras, Apartado 18 -- (Ourense)

NÓS

**Reservado pr'os irmans**

**RODRIGUEZ**

Fábrica de muebles

**Ourense**

AGUAS MINERO-MEDICINALES  
BICARBONATADO-SÓDICAS

# MONDARIZ



Gran Hotel Balneario con todas as comodidás e adiantos modernos  
Propietarios: FILLOS DE PEINADOR  
MONDARIZ (Pontevedra)

Sastrería CRECENTE IRMANS

A MILLOR  
DE  
GALICIA



REAL, 28 - 1.<sup>o</sup>  
TELÉFONO 180,  
A CRUÑA

F. ROMÁN E SACO  
DROGUERIA  
E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

*DISPONIBRE*

LEA VOSTEDE A  
NOVELA QUINCENAL

LAR

Administración e imprenta  
REAL, 56 1.<sup>o</sup> A CRUÑA

SUSCRICIÓN A 6 NÚMEROS 1'60 PESETAS